

7

A materia

Canto aprendiches



Visitamos a cociña do colexio
Na cociña do colexio está xa todo
preparado, o pan, o puré, o peixe...
para que os nenos e as nenas de 3º
baixen ao comedor.

1 Entre os pratos que están no menú e que se ven na imaxe están o puré e o peixe en salsa, que tipo de mestura son?

.....

.....

2 Durante a visita, Carme explicounos que para facer pan é necesario medir as cantidades de todos os seus ingredientes, en especial da fariña. Con que se mide a cantidade de fariña?

.....

3 Luísa, a encargada do comedor, enche as xerras de auga. En cada xerra cabe un litro. Que se mide na xerra?

.....

4 Cada litro de auga serve para encher 6 vasos. Cantos vasos de auga se encherán con 8 litros de auga?

.....



5 Na cociña do colexio hai moitos tipos de materia, diferéncianse uns doutros polas propiedades particulares. Fíxate nas seguintes substancias e indica se son substancias puras ou mesturas.



6 Luísa ten moito interese en saber se nos decatamos das diferenzas entre unhas substancias e outras. Fainos un cuestionario rápido.

a) De que cor é a auga?

b) A que sabe a auga?

c) A que ole a auga?

d) Coñeces algunha outra substancia á que lle pase o mesmo?

7 Un quilo de azucre e outro de sal teñen a mesma masa, ocupan o mesmo volume, teñen a mesma cor e parecido brillo. Que hai que facer para diferenciar estas substancias? En que se diferencian?